

Programación Xeral Anual

Curso 2022/2023

Aprobada polo Consello Escolar

27 de setembro de 2022

Remitida a Inspección

30 de setembro de 2022

Índice

Introdución.....	5
O centro escolar.....	6
Identificación do centro.....	6
Situación e contorna.....	6
O noso alumnado.....	6
Descrición do centro.....	6
Libros de texto.....	7
Horario do centro.....	7
Horario lectivo.....	7
Horario non lectivo e aberto á comunidade escolar.....	8
Horario de verán.....	8
Infraestrutura de persoal.....	8
Órganos de goberno.....	9
Órganos unipersoais: Equipo directivo.....	9
Órganos colexiados.....	9
Comisión de Coordinación Pedagóxica.....	10
Claustro.....	10
Consello escolar.....	10
Departamento de orientación.....	11
Equipo de Orientación.....	11
Criterios para a organización dos apoios dentro e fóra da aula.....	11
Medidas extraordinarias.....	12
Obxectivos específicos para o curso académico 2022/2023.....	13
Ámbito pedagóxico e da planificación docente.....	14
Atención á diversidade.....	18
Convivencia e participación.....	19
Organización e funcionamento do centro.....	21
Planificación docente.....	25
Calendario escolar.....	25
Avaliacións, temporalización.....	26
Equipos docentes e de traballo.....	27
Equipos docentes Ed. Infantil e Ed. Primaria.....	27

Xefaturas de departamento.....	28
Titorías Educación Secundaria.....	28
Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).....	28
Equipo de actividades complementarias e extraescolares.....	29
Persoal TIC e mantemento.....	29
Equipo de dinamización da biblioteca.....	29
Equipo de Convivencia.....	29
Participación en Proxectos e Programas.....	31
PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO - CONTRATOS PROGRAMA.....	31
PROA+.....	31
CPIInnova.....	31
CPIInclúe.....	31
POLOS CREATIVOS.....	31
PLAMBE.....	32
PLAN PROXECTA.....	32
E-DIXGAL.....	32
SECCIÓNS BILINGÜES.....	33
CUALE.....	33
INICIACIÓN Á ROBÓTICA EN PRIMARIA:.....	33
Formación no centro.....	33
Inspira STEAM.....	33
Servizos complementarios.....	34
Transporte.....	34
Aula Madruga.....	34
Comedor escolar.....	34
Actividades complementarias e extraescolares.....	35

Índice de táboas

Tabla1.....	6
Tabla2.....	7
Tabla3.....	8
Tabla4.....	9
Tabla5.....	9
Tabla6.....	10
Tabla7.....	10
Tabla8.....	11
Tabla9.....	11
Tabla10.....	12
Tabla11.....	14
Tabla12.....	18
Tabla13.....	19
Tabla14.....	21
Tabla15.....	27
Tabla16.....	28
Tabla17.....	28
Tabla18.....	28
Tabla19.....	29
Tabla20.....	29

Capítulo I

INTRODUCCIÓN

A Programación Xeral Anual é o documento que presenta o proxecto de actuación da comunidade educativa do CPI de Cova Terreña. Nel establécese a súa organización e fíxanse obxectivos a acadar en cada curso académico.

Esta programación é un proxecto e, como tal, é unha relación de obxectivos, intencións e compromisos, froito de reflexión e análise, que se fai a partir dos recursos dispoñibles (humanos e materiais), e coa pretensión final de conseguir o maior éxito escolar posible do alumnado do centro.

Esta Programación Xeral Anual xorde, sobre todo, polas consideracións seguintes:

1ª) Por unha necesidade de imperativo legal dado que así o dispón o decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro), e a orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro), da Consellería de Ordenación Universitaria, que establece a súa elaboración como un requirimento obrigatorio para os Centros Educativos.

2ª) Pola necesidade de elaborar unha guía de traballo que nos evite, na medida do posible, a rutina e improvisación, co establecemento de criterios de actuación compartidos e asumidos pola comunidade educativa, co fin de mellorar o máximo posible a organización e funcionamento do centro.

3ª) Polos cambios que se producen pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Esta Programación Xeral Anual vai supor un compromiso de eficacia para todos os que, directa ou indirectamente, temos compromisos de actuación e responsabilidade no funcionamento do centro.

O CENTRO ESCOLAR

Identificación do centro

Denominación	Centro Público Integrado de Cova Terreña
Código	36000247
Enderezo	Rúa Dolores Agrelo, s/n
Concello	36300 Baiona
Provincia	Pontevedra
Teléfono	886120001
Correo-e	cpi.cova.baiona@edu.xunta.gal
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/

Táboa 1: Identificación do centro

Situación e contorna

O CPI de Cova Terreña está situado no centro urbano do Concello de Baiona, ao carón do pavillón municipal, o que permite unha estreita colaboración entre as dúas entidades. Ao mesmo tempo está situado no lugar de Covaterreña, unha zona sombría e húmida da vila que afecta ao estado do edificio e das súas instalacións.

A comunicación da vila coas poboacións máis próximas é boa, non tanto entre as parroquias do propio concello.

Pese a estar situado no centro da vila, moitas familias achéganse nos seus vehículos particulares ao centro nas horas de entrada e saída, xerando graves problemas circulatorios, debido ao pouco espazo de aparcamento e manobra, sendo necesaria a presenza dunha patrulla da Policía Local para a seguridade do alumnado e organización do tráfico.

Este ano cúmprese o 50 aniversario de funcionamento do centro educativo.

O noso alumnado

A procedencia do noso alumnado é maioritariamente do centro da vila, acollendo ao alumnado do CEIP de Belesar na etapa de Educación Secundaria, o 14% da matrícula do centro, que é transportado nunha única liña de autobús (30 alumnos/as). A presenza de alumnado de procedencia estranxeira non é significativa (2,3%, 10 alumnos e alumnas). Ao inicio do curso contamos con 436 matrículas no centro. Hai unha proporción equilibrada entre alumnos (220) e alumnas (218) que teñen como lingua materna, maioritariamente, o castelán, sendo o galego deostado en moitas ocasións.

Descrición do centro

O centro foi reformado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional cun investimento de 1.300.000€. Dentro das actuacións incluíuse o cambio de cubertas, a impermeabilización de fachadas, a

substitución de carpintería metálica con ventás e portas con rotura de ponte térmica, iluminación led, pulido de chans, creación de novos espazos e mellora de accesibilidade.

O CPI de Cova Terreña está a funcionar con 3 unidades de Educación Infantil, 12 unidades de Educación Primaria (desdoubrouse 3º Ed. Primaria con 25 alumnos/as matriculados), e 9 unidades de Educación Secundaria (habilitouse un grupo de 3ºESO PDC para atender ao alumnado que o precisaba).

As unidades de Educación Infantil están localizadas no edificio secundario, dentro do recinto escolar. As etapas de Educación Primaria e Secundaria comparten o edificio principal, o cal está próximo ao 100% de utilización. Organizáronse as aulas adicadas ás distintas etapas para atender a necesidades do alumnado e reducir a interferencia entre horarios e etapas.

Libros de texto

Toda a información sobre os libros de texto establecidos para os diferentes cursos poden ser consultados na páxina web do centro, na ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/LibrosTexto20222023>

En 5º e 6º de Ed. Primaria o alumnado emprega libros dixitais dentro do programa E-Dixgal. Tamén participa toda a etapa de ESO que ofertan un mínimo de 6 materias en E-Dixgal en todos os niveis.

Por outra banda, o centro dispón dunha aula virtual onde está dispoñible material curricular elaborado polos diferentes niveis e departamentos, aloxada na ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/aulavirtual/>

Horario do centro

Horario lectivo

O horario do centro é de xornada continua de luns a venres. A etapa de Ed. Secundaria ten sesións lectivas tamén o luns pola tarde. A etapa de Secundaria chegou a un acordo polo que estarán nas aulas ás 08:25h para facilitar a entrada flexible do alumnado e aproveitar ao máximo a 1ª sesión da xornada.

Ed. Infantil e Ed. Primaria		Ed. Secundaria	
1ª sesión	8:50 – 9:40	1ª sesión	8:30 – 9:20
2ª sesión	9:40 – 10:30	2ª sesión	9:20 – 10:10
3ª sesión	10:30 – 11:20	3ª sesión	10:10 – 11:00
Hora de ler	11:20 – 11:40	Recreo	11:00 – 11:30
Recreo	11:40 – 12:10	4ª sesión	11:30 – 12:20
4ª sesión	12:10 – 13:00	5ª sesión	12:20 – 13:10
5ª sesión	13:00 – 13:50	6ª sesión	13:10 – 14:00
		7ª sesión (só luns)	16:10 – 17:00
		8ª sesión (só luns)	17:00 – 17:50

Táboa 2: Horario lectivo

Horario non lectivo e aberto á comunidade escolar.

O profesorado de Ed. Infantil e Primaria ten fixada a tarde do luns como tarde de traballo de 16h a 18h.

A biblioteca escolar permanecerá aberta martes, mércores e xoves de 16h a 18h. Pechará nalgunhas datas fixadas dende principio de curso por necesidades organizativas do centro.

Horario de verán

O centro permanecerá aberto o mes de xullo, establecendo un horario de atención ao público de 10h a 13h.

Infraestrutura de persoal

O Claustro está composto por 47 membros, incluíndo unha docente compartida co noso centro para cubrir horas de Relixión Católica ESO. Só un docente (2%) está en situación provisional no centro, situación que mellorou moito respecto de anos anteriores tras ser adxudicado profesorado con destino definitivo de Ed. Primaria e Secundaria.

Apelidos, Nome	Nivel educativo	Apelidos, Nome	Nivel educativo
González González, Fátima	Ed. Infantil	Aldao González, María Luisa	Ed. Secundaria
Rodríguez López, Ana Belén	Ed. Infantil	Arbones Nogueira, Marta	Ed. Secundaria
Rodríguez Rial, Mónica	Ed. Infantil	Blanco Sastre, Patricia	Ed. Secundaria
Suárez Pérez, Marta	Ed. Infantil	Cambeiro López, Emilio Xosé	Ed. Secundaria
Arias de la Vega, Ana Ruth	Ed. Infantil e Primaria	Chapela Malvido, Iria	Ed. Secundaria
Bouzada Estévez, Noé	Ed. Infantil e Primaria	García Giráldez, Ana Belén	Ed. Secundaria
Gil Beltrán, Rosario Natividad	Ed. Infantil e Primaria	Gayoso Sánchez, David	Ed. Secundaria
Rodríguez Salgueiro, Lía	Ed. Infantil e Primaria	González Tella, Tania	Ed. Secundaria
Álvarez Lorenzo, M ^a del Carmen	Ed. Primaria	Iglesias Comesaña, Carla	Ed. Secundaria
Cabadas Álvarez, Patricia María	Ed. Primaria	Martínez Cabaleiro, M. Isabel	Ed. Secundaria
Cernadas Rodríguez, Marta	Ed. Primaria	Mosquera Suárez, Antón	Ed. Secundaria
Cid Domínguez, Rafael	Ed. Primaria	Nogueira Fos, Rubén	Ed. Secundaria
Coto Martínez, Mercedes	Ed. Primaria	Pérez Camiña, María Lurdes	Ed. Secundaria
Elías Santos, Ana Patricia	Ed. Primaria	Piñeiro di Blasi, Jessica Ingrid	Ed. Secundaria
Fernández Valiño, Ana María (López Muñoz, Fco. Javier)	Ed. Primaria	Piñeiro Pérez, David	Ed. Secundaria

Apelidos, Nome	Nivel educativo	Apelidos, Nome	Nivel educativo
Freire Pardo, Carlos José	Ed. Primaria	Rajó Pazó, Anxo Xoán	Ed. Secundaria
García de la Prieta, Pilar	Ed. Primaria	Rey Somoza, Antonio	Ed. Secundaria
Jiménez Valbuena, Rosa María (Rodríguez Dosouto, Ana)	Ed. Primaria	Rivera Miragaya, José	Ed. Secundaria
Ojea Sobrado, Verónica	Ed. Primaria	Rodríguez González, María Paz	Ed. Secundaria
Otero Barreiro, Santiago Manuel	Ed. Primaria	Torres Rodríguez, María José	Ed. Secundaria
Otero Cerviño, Amparo del Pilar	Ed. Primaria	Valle Rey, M ^a Carmen Auxiliadora	Ed. Secundaria
Paniagua González, Esperanza	Ed. Primaria	Zapatero Artacho, María	Ed. Secundaria
Silva Salinas, Sonia	Ed. Primaria	Castiñeira García, M ^a Dolores	Compartida
Vázquez Taín, Manuel Floreano	Ed. Primaria		

Táboa 3: Persoal docente

O persoal non docente consta dun auxiliar administrativo, 2 subalternos e 1 coidadora.

Administrativo	Daniel Domínguez Acuña
Subalternos	Víctor Manuel Moreira Fernández
	María Noelia Novoa Salgado
Coidadora	Társila Dacosta Garrido

Táboa 4: Persoal non docente

O persoal de limpeza é subcontratado por adxudicación da Consellería de Educación. Distribuíuse o traballo de xeito que unha limpadora está no centro parte da xornada de mañá.

Órganos de goberno

Órganos unipersoais: Equipo directivo

Dirección	M. Isabel Martínez Cabaleiro
Secretaría	María del Carmen Álvarez Lorenzo
Xefatura de estudos Ed. Infantil e Primaria	Pilar García de la Prieta
Xefatura de estudos Ed. Secundaria	María Luisa Aldao González

Táboa 5: Equipo Directivo

Órganos colexiados

As reunións de órganos están planificadas e comunicadas dende principio de curso.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

Será convocada por correo electrónico para tratar as liñas de traballo fixadas dentro das súas competencias, elevando as súas propostas ao Claustro.

		Apelidos, Nome				Apelidos, Nome	
Xefa Estudos Secundaria		María Luisa Aldao González		Directora		M. Isabel Martínez Cabaleiro	
Dpto CC.NN e Biblioteca	Iria Chapela Malvido	(secretaria da CCP)		Xefa Estudos Inf+Prim		Pilar García de la Prieta	
Dpto Xª e Hª	María Lurdes Pérez Camiña			1ºEd. Primaria		Rafael Cid Domínguez	
Dpto Ed. Física	David Gayoso Sánchez			2ºEd. Primaria		Amparo Otero Cerviño	
Dpto Debuxo	Tania González Tella			3ºEd. Primaria		Carlos Freire Pardo	
Dpto Fª e Qª	Antón Mosquera Suárez			4ºEd. Primaria		Sonia Silva Salinas	
Dpto Francés	Mª Paz Rodríguez González			5ºEd. Primaria		Rosa Jiménez Valbuena	
Dpto Inglés	Ana Belén García Giráldez			6ºEd. Primaria		Noé Bouzada Estévez	
Dpto L.Castela	Mª José Torres Rodríguez			Ed. Infantil		Ana Ruth Arias de la Vega	
Dpto L.Galega	Anxo Xoán Rajó Pazó			PT		José Rivera Miragaya	
Dpto Matemáticas	Carla Iglesias Comesaña			AL		Lía Rodríguez Salgueiro	
Dpto Música	David Piñeiro Pérez			Dpto Relixión		Dolores Castiñeira García	
Dpto Orient.	Marta Arbones Nogueira			EDLG		Verónica Ojea Sobrado	
Dpto Tecnol.	Jessica Ingrid Piñeiro di Blasi						

Táboa 6: Membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica

Claustro

Será convocado por correo electrónico para tratar os temas relacionados coa organización pedagóxica, os protocolos de actuación fronte ás diferentes circunstancias que poidan xurdir e recibir información da organización xeral do centro, sendo recollida a asistencia ao mesmo, a cal é obrigatoria.

As actas recollerán os acordos tomados que terán carácter vinculante, as informacións facilitadas e recolleranse textualmente as intervencións que o soliciten grampándose á devandita acta.

A súa composición recóllese na táboa 3.

Consello escolar

Segundo anuncia a CCEeU será renovado parcialmente no mes de novembro.

	Membros electos
Profesorado	Rodríguez González, María Paz (<i>a renovar</i>)
	Otero Cerviño, Amparo del Pilar (<i>a renovar</i>)
	Valle Rey, María del Carmen Auxiliadora
	Torres Rodríguez, María José
Representantes das familias	González Misa, Verónica (<i>a renovar</i>)
	García García, María del Carmen
	Rodríguez Martínez, Loreto (ANPA)
Alumnado	González González, Adrián
	Fernández Míguez, Pedro

Membros electos	
	Pousa Ulbeira, Rosana (<i>a renovar</i>)
Concello	Carreño Miniño, Óscar
Persoal non docente	Moreira Fernández, Víctor Manuel (<i>a renovar</i>)

Táboa 7: Membros electos do Consello Escolar

Membros natos	
Dirección	M.Isabel Martínez Cabaleiro
Secretaría (sen voto)	María del Carmen Álvarez Lorenzo
Xefatura de estudos Ed. Infantil e Primaria	Pilar García de la Prieta
Xefatura de estudos Ed. Secundaria	María Luisa Aldao González

Táboa 8: Membros natos do Consello Escolar

As convocatorias serán enviadas por correo electrónico. As actas recollerán os acordos tomados que teñan carácter vinculante, as informacións facilitadas e recolleranse textualmente as intervencións que o soliciten.

Departamento de orientación

Equipo de Orientación

O equipo de Orientación está formado por:

Orientadora	Marta Arbones Nogueira
PT Secundaria	José Rivera Miragaya
PT Primaria	Rosario Natividad Gil Beltrán (Patricia López)
Audición e Linguaxe	Lía Rodríguez Salgueiro
Coordinacións de nivel de Ed. Primaria	
Coordinación de ciclo de Ed. Infantil	
Representante do ámbito lingüístico social	
Representante do ámbito científico matemático	

Táboa 9: Equipo de Orientación

O departamento de Orientación traballará coordinadamente coas titorías e profesorado especialista para determinar as actuacións de atención. As actividades a realizar polo Departamento de Orientación figurarán na súa programación.

O centro conta con espazos de atención ao alumnado independentes para Pedagogía Terapéutica de Ed. Infantil e Primaria e Audición e Linguaxe. O especialista de Pedagogía Terapéutica de Ed. Secundaria empregará as aulas de desdobres dispoñibles en cada momento. A orientadora do centro conta cun despacho propio e armarios con chave para gardar a documentación sensible.

Crterios para a organización dos apoios dentro e fóra da aula

- Os fixados pola convocatoria do programa de apoio.
- Alumnado que non abandonara previamente o programa de apoio.
- Alumnado con materias pendentes.

- Alumnado con diagnose que interfira na súa aprendizaxe.

Medidas extraordinarias

Son as actuacións que se toman nun centro para responder a unhas necesidades educativas específicas moi concretas que presenta o alumnado e requiren da organización duns recursos persoais e materiais concretos.

Adóptanse cando se esgotaron as medidas ordinarias. Este curso estamos levando a cabo as seguintes:

- Permanencia excepcional dun curso máis na etapa:** este ano contamos cun alumnado nesta situación en 6º Ed. Infantil.
- Permanencia un ano máis no curso (repeticións):** E.P.: 0; E.S.O.:6.
- Plans de reforzo para o alumnado con materias pendentes:** hai un total de 23 alumnos e alumnas nos cursos de 2º ESO (8), 3º ESO (7) e 4º ESO (8).
- Adaptacións curriculares.** Modificacións que se realizan, previa avaliación psicopedagóxica, que afecta aos elementos prescritivos do currículo oficial por modificar obxectivos xerais da etapa, contidos básicos das diferentes áreas curriculares e criterios de avaliación.

Ed. Infantil e Primaria	1 (información previa á avaliación inicial)
Ed. Secundaria	1 (información previa á avaliación inicial)

Táboa 10: Adaptacións curriculares

- Programas de diversificación curricular:** este ano contamos cun grupo de 3º ESO formado por 7 alumnos/as.

Para máis información cómpre consultar os distintos plans e programas do Departamento de Orientación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2022/2023

Os obxectivos para o presente curso veñen marcados polas modificacións producidas pola LOMLOE. Manteranse aqueles obxectivos acadados en cursos anteriores que precisan seguir sendo impulsados e sumaranse outros obxectivos de diferentes ámbitos:

1. Ámbito pedagóxico e da planificación docente
2. Atención á diversidade
3. Convivencia e participación
4. Organización e funcionamento do centro

Facendo unha presentación previa podemos destacar:

- Intervencións no centro: aplicación do método PEANA en todo o centro educativo, pictografiado do centro. Ademais, intervencións de mantemento e mellora das instalacións.
- Renovación do Proxecto Lingüístico do Centro.
- Renovación do Plan de Convivencia. Actividades de dinamización da convivencia. Xogos populares para o alumnado.
- Aplicación do Plan Dixital. Mellora da dotación TIC do centro e revisión da mesma.
- Implantación da LOMLOE atendendo á autonomía do centro.

Nas seguintes táboas pódese ver con detalle os obxectivos fixados e as actuacións asociadas aos mesmos.

Ámbito pedagógico e da planificación docente

Data de inicio das actuacións	01/09/22
Responsables	Equipo directivo, Departamento de Orientación e Claustro
Recursos	Horario do profesorado, correo electrónico e reunións. Plans de traballo. EDLG. Biblioteca. Contorna. Equipamento informático.
Obxectivos	Actuacións
Facilitar e promover a formación continuada e permanente do profesorado no propio centro, segundo as liñas de actuación necesarias e aproveitando os recursos propios dispoñibles.	<input type="checkbox"/> Formación nas ferramentas dixitais de uso frecuente no centro. <input type="checkbox"/> Continuación do plan de formación permanente do profesorado (PFPP). <input type="checkbox"/> Asesoramento e guía do profesorado, especialmente do persoal de nova incorporación.
Adoptar medidas para garantir unha educación para a igualdade entre homes e mulleres, segundo establece o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.	<input type="checkbox"/> Non se admitirán no centro docente as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida. <input type="checkbox"/> De forma directa, o profesorado non permitirá ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes. Aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. <input type="checkbox"/> Actuacións para o fomento de vocacións femininas nas áreas STEAM. <input type="checkbox"/> Participación en programas e campañas contra a violencia de xénero. <input type="checkbox"/> Uso non sexista da linguaxe nas comunicacións do centro.

Data de inicio das actuacións	01/09/22
Responsables	Equipo directivo, Departamento de Orientación e Claustro
Recursos	Horario do profesorado, correo electrónico e reunións. Plans de traballo. EDLG. Biblioteca. Contorna. Equipamento informático.
Obxectivos	Actuacións
Atendendo ao disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade que indica a erradicación dos prexuízos nos centros docentes, promover as accións educativas conducentes a tal fin.	<input type="checkbox"/> Non se admitirán as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida no centro, incluíndo nas normas de organización e funcionamento, as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas. <input type="checkbox"/> Deseño de actividades que traballen a igualdade coa colaboración do departamento de Orientación e CIM.
Favorecer a aprendizaxe de linguas estranxeiras, abrindo o centro a relacións con centros educativos doutros países.	<input type="checkbox"/> Ampliación das seccións bilingües no centro. <input type="checkbox"/> Solicitud de auxiliar de conversa. <input type="checkbox"/> Intercambios con outros centros. <input type="checkbox"/> Solicitud do programa CUALE.
Reducir os casos de impuntualidade.	<input type="checkbox"/> Control do acceso ao centro. <input type="checkbox"/> Establecemento de entradas flexibles na ESO.
Establecer e pór en práctica plans de prevención do acoso escolar, absentismo escolar e contra o abandono escolar.	<input type="checkbox"/> Redacción, revisión e posta en funcionamento dos plans de prevención do absentismo escolar, contra o abandono escolar e contra o acoso escolar.

Data de inicio das actuacións	01/09/22
Responsables	Equipo directivo, Departamento de Orientación e Claustro
Recursos	Horario do profesorado, correo electrónico e reunións. Plans de traballo. EDLG. Biblioteca. Contorna. Equipamento informático.
Obxectivos	Actuacións
Fomentar a función da titoría, así como un bo clima de ensinanza-aprendizaxe	<input type="checkbox"/> Establecemento dun fío de comunicación activo entre as familias e o centro a través da titoría, cunha planificación e seguimento ao longo do curso, empregando reunións presenciais, chamadas telefónicas, videoconferencias, a axenda escolar e Abalar Móbil. <input type="checkbox"/> Execución de dinámicas de grupo pola titoría, guiadas polo Departamento de Orientación, para a mellora das relacións do grupo-clase, mellora do rendemento académico... <input type="checkbox"/> Formación para unha titoría eficiente. <input type="checkbox"/> Designación de co-titorías na etapa de Ed. Secundaria.
Fomentar o uso do galego no centro e a súa posta en valor	<input type="checkbox"/> Funcionamento do EDLG coma instrumento para fomentar o uso do galego na comunidade educativa, respecto á lexislación vixente, incluíndo o fomento da lectura e das nosas tradicións segundo a planificación de actividades que sexa presentada.
Fomentar a lectura coma ferramenta básica de aprendizaxe e desenvolvemento para o alumnado.	<input type="checkbox"/> Establecemento de espazos de tempo reservados á lectura en todas as etapas educativas. <input type="checkbox"/> Actividades de dinamización da lectura en diferentes linguas. <input type="checkbox"/> Realización de actividades de fomento da lectura e da comprensión lectora.
Realizar saídas didácticas empregando os recursos da contorna.	<input type="checkbox"/> Saídas didácticas a pé pola vila para coñecer profesións, accidentes xeográficos, tradicións..., vinculando a vida da vila á vida do centro, así coma a realización doutro tipo de saídas didácticas segundo as circunstancias sanitarias do momento en concreto.
Mellorar a competencia dixital	<input type="checkbox"/> Medidas de reforzo da competencia dixital en todas as etapas. <input type="checkbox"/> Formación do profesorado nas ferramentas dixitais de emprego no centro. <input type="checkbox"/> Execución das actividades recollidas no Plan Dixital do centro.

Data de inicio das actuacións	01/09/22
Responsables	Equipo directivo, Departamento de Orientación e Claustro
Recursos	Horario do profesorado, correo electrónico e reunións. Plans de traballo. EDLG. Biblioteca. Contorna. Equipamento informático.
Obxectivos	Actuacións
Incrementar o uso das novas tecnoloxías no día a día da vida escolar para lograr unha alfabetización dixital eficiente.	<input type="checkbox"/> Facilitar o uso das novas tecnoloxías en todas as etapas como medio para lograr unha alfabetización dixital eficiente. <input type="checkbox"/> Mantemento das horas adicadas da coordinación Abalar/E-Dixgal para as súas funcións. <input type="checkbox"/> Retirada e baixa da dotación obsoleta. <input type="checkbox"/> Dispoñibilidade de equipos informáticos de uso individual para o alumnado non E-Dixgal. <input type="checkbox"/> Asignación de equipos informáticos de uso individual para o alumnado de 3º e 4º Ed. Primaria con recursos propios. <input type="checkbox"/> Asignación de equipos por nivel educativo para 1º e 2º Ed. Primaria. <input type="checkbox"/> Solicitud de EDI para as aulas que non dispoñen dos mesmos. <input type="checkbox"/> Renovación da equipación dixital de Administración do centro.
Implantar a LOMLOE no centro dentro das marxes de autonomía do centro.	Deseño dos itinerarios formativos do centro. Elaboración da concreción curricular de todos os niveis educativos impartidos no centro.

Táboa 11: Obxectivos do ámbito pedagóxico e da planificación docente

Atención á diversidade

Data de inicio das actuacións	01/09/22
Responsables	Equipo directivo, Departamento de Orientación e Claustro
Recursos	Dpto. Orientación. Formación en ANEAE. Fichas e guías. Contratos Programa. Plan contra o acoso escolar.
Obxectivos	Abordar de xeito diferenciado e sistemático cada unha das liñas de intervención específicas referidas ao alumnado con NEE.
Actuacións Abordar de xeito diferenciado e sistemático cada unha das liñas de intervención específicas referidas ao alumnado con NEE. Atender ás diferentes casuísticas que presenta o alumnado organizando vías de actuación para o seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.	<input type="checkbox"/> Atención personalizada ao alumnado con diversidade funcional, alumnado de altas capacidades, TDAH, s. de Asperger, discapacidade sensorial, motórica ou psíquica con actividades e procedementos adaptados ás súas características. <input type="checkbox"/> Solicitud dos Programas de éxito educativo (Contratos Programa). <input type="checkbox"/> Priorizar a intervención de OR sobre o alumnado de nova incorporación ao centro para detectar as necesidades o antes posible. <input type="checkbox"/> Pictografiar o centro educativo. Aplicar o método PEANA en todo o centro educativo.
Impulsar a formación do profesorado para mellorar as estratexias didácticas que hai que empregar con este alumnado.	<input type="checkbox"/> Formación do profesorado en ANEAE e técnicas de estudo polo DO. <input type="checkbox"/> Manexo de guías de detección precoz e protocolos de actuación diante da presenza dos posibles casos de alumnado con diversidade funcional de calquera casuística, psíquica, sensorial etc. <input type="checkbox"/> Manexo e/ou elaboración de guías de atención pedagóxica (que e como facer) ao alumnado con NEEAE coa colaboración do DO.
Demandar da Administración pública os recursos humanos e materiais necesarios para garantir a ANEAE.	<input type="checkbox"/> Solicitud dos recursos humanos e materiais necesarios para a atención ao alumnado con ANEAE.
Prever o acoso escolar que poidan padecer estes alumnos e alumnas ao seren os suxeitos máis propicios para sufrilos, segundo todos os estudos realizados sobre o tema.	<input type="checkbox"/> Fomento da acción titorial. <input type="checkbox"/> Dinámicas de grupo-clase. <input type="checkbox"/> Gardas nos tempos de lecer por zonas de xogo.

*Táboa 12: Obxectivos do ámbito da atención á diversidade***Convivencia e participación**

Data de inicio das actuacións	01/09/22
Responsables	Equipo directivo, Departamento de Orientación e Claustro
Recursos	Equipo de convivencia. Plan de convivencia. PD. NOF. Mediadores. Fichas de traballo. Xunta de delegados.
Obxectivos	Actuacións
Potenciar un ensino que fomente unha educación baseada nos valores de responsabilidade, respecto aos demais, tolerancia, igualdade entrambos os sexos, non discriminación, non violencia e resolución pacífica dos conflitos....	<input type="checkbox"/> Traballo na aula desde a titoría en todos os aspectos do individuo, incluíndo os valores da convivencia e a igualdade. <input type="checkbox"/> Establecemento dun fío de comunicación activo entre as familias e o centro a través da titoría, cunha planificación e seguimento ao longo do curso, empregando chamadas telefónicas, videoconferencias, a axenda escolar e Abalar Móbil. <input type="checkbox"/> Colaboración coa "Escola de familias" organizada cada curso desde o concello de Baiona.
Difundir as Normas de Organización e Funcionamento e Convivencia do centro.	<input type="checkbox"/> Difusión e actualización das NOF+C. <input type="checkbox"/> Traslado das normas concretas que hai que ter en conta e como actuar ao persoal non docente e servizo de comedor. <input type="checkbox"/> Solicitud de colaboración de toda a comunidade educativa para o mantemento dun clima de convivencia axeitado, xurda a incidencia baixo a súa responsabilidade ou non. <input type="checkbox"/> Renovación do Plan de Convivencia.
Potenciar o servizo de mediación para axudar na resolución correcta, xusta e igualitaria do conflito.	<input type="checkbox"/> Servizo de mediación coa colaboración da comunidade educativa. <input type="checkbox"/> Formación de mediadores e mediadoras. <input type="checkbox"/> Fomentar a participación do alumnado nas actividades do centro. <input type="checkbox"/> Intercambio con outros centros educativos que teñan a mediación coma unha das súas liñas de traballo.
Resolver os conflitos a través dos principios da disciplina proactiva.	<input type="checkbox"/> Elaboración dun proxecto de reeducación positiva, xunto co Departamento de Orientación, Xefatura de Estudos e Titoría, para a inclusión do alumno ou alumna con comportamentos disruptivos na aula.

Data de inicio das actuacións	01/09/22
Responsables	Equipo directivo, Departamento de Orientación e Claustro
Recursos	Equipo de convivencia. Plan de convivencia. PD. NOF. Mediadores. Fichas de traballo. Xunta de delegados.
Obxectivos	Actuacións
Establecer vías de participación para que o alumnado participe activamente na dinámica da comunidade educativa.	<input type="checkbox"/> Fomentar a participación do alumnado nas actividades do centro. <input type="checkbox"/> Estimulación da participación activa en todas as actividades do centro. <input type="checkbox"/> Dinamización dos recreos por zonas de xogo segundo actividade: zona activa, semi-activa e pasiva. <input type="checkbox"/> Emprego da Xunta de Delegados, sobre todo na ESO, coma unha das vías de comunicación e intercambio de ideas e opinións do alumnado, asunción de responsabilidades, detección inmediata de posibles problemas e colaboración na busca de solucións. <input type="checkbox"/> Contacto fluído cos delegados e delegadas de curso co obxecto de tratar conxuntamente os problemas e dificultades que puidesen xurdir.
Mellorar as relacións coas institucións públicas e privadas da contorna, buscando puntos de colaboración.	<input type="checkbox"/> Mantemento dunha liña de contacto permanente e fluída coa Inspección Educativa, Xefatura Territorial de Educación e Concello de Baiona. <input type="checkbox"/> Fomento das relacións con organismos ou entidades que acheguen elementos enriquecedores para a comunidade educativa.

Táboa 13: Obxectivos do ámbito da convivencia e participación

Organización e funcionamento do centro

Data de inicio das actuacións	01/07/22
Responsables	Equipo directivo, Claustro, ANPA e Administracións Públicas.
Recursos	NOF+C. Instalacións do centro. Investimentos. Aulas específicas. Correo electrónico. Biblioteca.
Obxectivos	Actuacións
Acondicionar o centro	<input type="checkbox"/> Adecuación da sinalización do centro, fluxo de persoas, cartelería, medidas de protección... á situación actual. <input type="checkbox"/> Dotación de kits de hixienización nos espazos do centro. <input type="checkbox"/> Dotación de puntos de hixienización en entradas/saídas. <input type="checkbox"/> Colaboración coa administración nas obras de reforma do centro. <input type="checkbox"/> Solicitud de mobiliario preciso. <input type="checkbox"/> Mantemento dunha liña de colaboración co Concello de Baiona.
<p>Actualizar os distintos documentos de centro.</p> <p>Actualizar a información sobre o centro na rede.</p>	<input type="checkbox"/> Difusión e actualización das NOF+C. <input type="checkbox"/> Actualización da páxina web con información viva e actualizada como medio de comunicación e fonte de recursos para a comunidade educativa e a sociedade en xeral, formando ao profesorado. <input type="checkbox"/> Enriquecemento do repositorio na Aula Virtual que conteña os documentos de centro.
Mellorar as instalacións do centro con recursos propios e coa colaboración das administracións públicas.	<input type="checkbox"/> Substitución das portas das aulas danadas das alas norte e sur e do edificio secundario. <input type="checkbox"/> Reparación da rampla de comunicación entre edificios. <input type="checkbox"/> Reparación da pista deportiva exterior. <input type="checkbox"/> Substitución do valado de peche da pista exterior. <input type="checkbox"/> Dotación dun paso cuberto entre o pavillón escolar e o edificio principal. <input type="checkbox"/> Dotación de vexetación e/ou espazos verdes.

Data de inicio das actuacións	01/07/22
Responsables	Equipo directivo, Claustro, ANPA e Administracións Públicas.
Recursos	NOF+C. Instalacións do centro. Investimentos. Aulas específicas. Correo electrónico. Biblioteca.
Obxectivos	Actuacións
Xestionar os recursos económicos eficientemente e incrementalos, na medida do posible, a través de proxectos e outras fontes.	<input type="checkbox"/> Emprego das novas tecnoloxías como medio de comunicación eliminando, practicamente, as notas en papel, reducindo o custe ecolóxico e económico que supón, potenciando como medio Abalar Móbil, taboleiros e a axenda escolar para as comunicacións. <input type="checkbox"/> Desenvolvemento de proxectos que contribúan ao aumento dos recursos económicos e materiais do centro. <input type="checkbox"/> Xustificación económica fiable e transparente, aberta a toda a comunidade educativa. <input type="checkbox"/> Concesión de recursos económicos baixo petición previa escrita e xustificada.
Preservar o dereito á intimidade dos membros da comunidade educativa.	<input type="checkbox"/> Difusión da lexislación vixente sobre protección de datos e transmisión da súa importancia á comunidade educativa. <input type="checkbox"/> Habilitación de espazos dedicados ás reunións, atención a responsables... onde se comunique información sensible/confidencial coa privacidade necesaria, non sendo válidos corredores ou patios para ditas reunións.
Optimizar o uso dos espazos e recursos	<input type="checkbox"/> Mantemento do espazo propio para o comedor escolar, liberando o salón de actos. <input type="checkbox"/> Dotación dos recursos precisos á biblioteca do centro. <input type="checkbox"/> Busca de novos fondos bibliográficos que enriquezan a biblioteca. <input type="checkbox"/> Habilitar aula polivalente para Ed. Primaria. <input type="checkbox"/> Habilitar espazos didácticos para desdobres.

Data de inicio das actuacións	01/07/22
Responsables	Equipo directivo, Claustro, ANPA e Administracións Públicas.
Recursos	NOF+C. Instalacións do centro. Investimentos. Aulas específicas. Correo electrónico. Biblioteca.
Obxectivos	Actuacións
